



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO QUINCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 15 de xaneiro de 2025, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

### ASISTENTES

Presidente  
José Manuel Mato Martínez

### CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Juan Ramón Vidal Torrado  
Raquel Fondo Pérez

### CONCELLEIROS/AS AUSENTES

Constantino Fernández Vila  
María Josefa Álvarez Bugallo

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

### 1 Aprobación da acta da sesión do 4 de decembro de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes non fan observacións á acta, polo que se entende aprobada por unanimidade.

### 2 Expediente 204/G006/000072. Proposta de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de volume na rúa Aduana núm. 18, referencia catastral 8881104NH0888S0001ZQ

O presidente dá conta da seguinte proposta da Alcaldía do 7 de xaneiro, que di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

<b>EXPEDIENTE:</b>	2024/U022/000009	
<b>ASUNTO:</b>	Solicitud de licenza de “Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas”	
<b>INTERESADO:</b>	Manuel Dominguez Loureiro.	DNI/NIF/CIF: ***0446**
<b>REPRESENTANTE:</b>	Jose Antonio Canedo Zapata.	DNI/NIF/CIF: ***0454**
<b>SITUACIÓN:</b>	R/ Aduana 18. Ponteceso. CP: 15110	



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**Ref Catastrais: 8381721NH0888S0001MQ**

Logo de ver os seguintes antecedentes:

## I.- ANTECEDENTES

### 08/04/2024 Achégase solicitude de licenza coa seguinte documentación:

- Autorización da representación en favor do Arquitecto D. José Antonio Canedo Zapata
- Memoria técnica sen visar de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas do Arquitecto, D. José Antonio Canedo Zapata, colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- Oficio sen visar da dirección das obras. D. José Antonio Canedo Zapata, colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.

**07/08/2024 Informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez e o Arquitecto, como servizo externo, Juan S. Lareo Sánchez, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:**

A parcela en cuestión está clasificada como **Solo Urbano SU-4 (vivenda unifamiliar)**, regulado na ordenanza específica disposta no artigo 6.2.4 do PXOM.

Preténdese o cambio de cuberta e a colocación de SATE nunha vivenda unifamiliar ubicada en Solo Urbano, **ordenanza SU-3a (edificación agruada)**, que comprende a edificación agrupada entre medianeiras, formando rúas ou conxuntos lineais con fronte a viario, cuxa característica singular é a existencia de espazos libres privados e edificacións de carácter complementario ao uso residencial.

Este tipo de solo urbano está regulado pola ordenanza específica disposta no artigo 6.2.3 do PXOM.

Proxéctase:

- Desmontaxe da cuberta existente.
- Execución nova cuberta
- Colocación de SATE

O uso global en Solo Urbano SU-3a é **residencial en categoría**, a súa ordenanza reguladora (artigo 6.2.3 do PXOM) tamén permite os usos definidos como compatibles na táboa do Anexo I. Segundo as definicións de obras suxeitas ao procedemento ordinario, dispostas no anexo 1 da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014), as obras que



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

se pretenden teñen a denominación de **obras de reestruturación**; que son aquelas obras de rehabilitación dunha edificación que melloran as súas condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade, de confort e ornato, modificando a súa distribución e alterando as súas características morfolóxicas e a distribución interna.

**O proxecto técnico presentado carece dalgúns dos documentos requiridos**, que aparecen recollidos no Anexo I da Parte I do *Código técnico da edificación*. *Non están debidamente descompostas as súas medicións para corroborar os traballos finalmente a executar.*

### **Visado obrigatorio**

Segundo o “Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obrigatorio:”

“Artículo 2. Visados obligatorios. Es obligatorio obtener el visado colegial únicamente sobre los trabajos profesionales siguientes:

a) Proyecto de ejecución de edificación. A estos efectos se entenderá por edificación lo previsto en el artículo 2.1 de la Ley 38/1999, de 5 de noviembre, de ordenación de la edificación. La obligación de visado alcanza a aquellas obras que requieran proyecto de acuerdo con el artículo 2.2 de dicha ley.”

Atendendo á Ley 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de la Edificación:

“2. Tendrán la consideración de edificación a los efectos de lo dispuesto en esta Ley, y requerirán un proyecto según lo establecido en el artículo 4, las siguientes obras:

(...)

b) Todas las intervenciones sobre los edificios existentes, siempre y cuando alteren su configuración arquitectónica entendiéndose por tales las que tengan carácter de intervención total o las parciales que produzcan una variación esencial de la composición general exterior, la volumetría, o el conjunto del sistema estructural, o tengan por objeto cambiar los usos característicos del edificio.”

Polo que será preciso que o proxecto técnico presentado esté visado

Por outra banda e finalmente, deberá achegar a seguinte documentación:

Datos de identificación da solicitante:

1. Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces) (da solicitante e da representante). Quen compareza ou asine en representación doutro, acompañarán, ademais, un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

2. Persoas xurídicas: DNI da representante e documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Escritura pública de propiedade do terreo inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.

Xustificante do abono das taxas polo outorgamento da licenza.

Non están debidamente descompostas as súas medicións para corroborar os traballos finalmente a executar.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que NON SE CORRESPONDE co total das obras a executar, ascende a un Oem de 30.298,38 €.

O Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada non inclúe todas a partidas requiridas para a execución da obra e non están debidamente descompostas as súas medicións para corroborar os traballos finalmente a executar.

- Outorgamento de licenza urbanística: ( PEM x 0,20 % ) = 30.298,38 € x 0,20 % = 60,60 €.
- ICIO: ( PEM x 4,00 % ) = 30.298,38 € x 4,00 % = 1.211,93 €.

**17/10/2024 Achégase a seguinte documentación:**

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces) (da solicitante e da representante). Quen compareza ou asine en representación doutro, acompañarán, ademais, un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable)
- Escritura pública de propiedade do terreo inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.
- Medicións e presuposto

**30/10/2024 Achégase a seguinte documentación:**

- Planos Completo visado
- Memoria Completo sen visar
- Cuestionario de Estadística e Edificación
- Dirección de Obra

**16/11/2024 Achégase a seguinte documentación:**

- Cuestionario de Estadística e Edificación
- Proxecto básico e de execución con número de visado 2405574,2 para substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas na rúa Aduana, 18, do Arquitecto, D. José Antonio Canedo Zapata Colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

**21/11/2024 Informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez e o Arquitecto, como servizo externo, Juan S. Lareo Sánchez, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:**

A parcela en cuestión está clasificada como **Solo Urbano SU-4 (vivenda unifamiliar)**, regulado na ordenanza específica disposta no artigo 6.2.4 do PXOM.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

Preténdese o cambio de cuberta e a colocación de SATE nunha vivenda unifamiliar ubicada en Solo Urbano, **ordenanza SU-3a (edificación agruada)**, que comprende a edificación agrupada entre medianeiras, formando rueiros ou conxuntos lineais con fronte a viario, cuxa característica singular é a existencia de espazos libres privados e edificacións de carácter complementario ao uso residencial.

Este tipo de solo urbano está regulado pola ordenanza específica disposta no artigo 6.2.3 do PXOM.

Proxéctase:

- Desmontaxe da cuberta existente.
- Execución nova cuberta
- Colocación de SATE

O uso global en Solo Urbano SU-3a é **residencial en categoría**, a súa ordenanza reguladora (artigo 6.2.3 do PXOM) tamén permite os usos definidos como compatibles na táboa do Anexo I. Segundo as definicións de obras suxeitas ao procedemento ordinario, dispostas no anexo 1 da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014), as obras que se pretenden teñen a denominación de **obras de reestruturación**; que son aquelas obras de rehabilitación dunha edificación que melloran as súas condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade, de confort e ornato, modificando a súa distribución e alterando as súas características morfolóxicas e a distribución interna.

Por outra banda e finalmente, deberá achegar a seguinte documentación:

Xustificante do abono das taxas polo outorgamento da licenza.

**28/11/2024 Achégase a seguinte documentación:**

- Outorgamento de licenza urbanística: (  $PEM \times 0,20 \% = 21.042,00\text{€} \times 0,20 \% = 42,08 \text{€}$  .
- ICIO: (  $PEM \times 4,00 \% = 21.042,00\text{€} \times 4,00 \% = 841,68\text{€}$  .

3/12/2024 Informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez.de carácter desfavorable.

**19/12/2024** Emítse novo informe técnico de carácter favorable ao outorgamento da licenza no que se conclúe: “O proxecto presentado contén toda a documentación necesaria para a correcta definición das obras e cumpre con todos os parámetros establecidos pola normativa de aplicación, polo que compre dicir que a actuación consistente na “Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas” é compatible coa normativa urbanística de aplicación, non requirindo de autorizacións sectoriais doutras administracións públicas, polo que se informa favorablemente.

O expediente púxose de manifesto en secretaría o 20/12/2024

Consta no expediente o Informe xurídico de data 23/12/2024



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

Considerando o disposto na Ordenanza Fiscal nº23, reguladora da Taxa polo outorgamento de Licencias Urbanísticas e outros servizos urbanísticos (Publicación definitiva BOP Nº 198 de 16-10-2014

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal que foi obxecto de **Aprobación definitiva no Pleno Municipal do luns, 9 de Marzo de 2015**. Publicado no D.O.G. nº 95, o 22 de Maio de 2015. || Publicado no B.O.P. nº 99, o 28 de Maio de 2015.

A competencia para resolver o expediente corresponde, en base ó disposto no art. 21.1 q) da lei 7/85 e no art. 61.1.o) da Lei 5/997, á Alcaldía mais está delegada na Xunta de Goberno Local por decreto 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior;

#### **PROPOÑO Á XGL:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á concesión da Licencia de Obras a Manuel Dominguez Loureiro co DNI/NIF/CIF: \*\*\*0446\*\* para "Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas", na referencia catastral: 8381721NH0888S0001MQ segundo a memoria técnica de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas do Arquitecto, D. José Antonio Canedo Zapata, colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

**SEGUNDO.-** Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

##### **a) Particulares, segundo o informe técnico:**

- A propiedade ha de aterse o indicado no artigo 3.2.13.- Condicións de Integración e de adaptación ao ambiente en Solo Urbano do PXOM.
- A propiedade ha de aterse o indicado no ARTIGO 7.1.7.- CONDICIÓN MÍNIMAS DE URBANIZACIÓN, CESIÓNS. Autorízase a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. Os servizos urbanísticos correspondentes ás conexións de Saneamento, Enerxía Eléctrica, Rede de auga potable e pavimento asfaltado serán por conta da propiedade.  
As novas liñas de electricidade e telecomunicacións deberán ser soterradas. Art. 7.1.5 do PXOM. Actuacións incompatibles. Están prohibidos os novos tendidos aéreos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O Promotor/Construtor terá que solicitar autorización de ocupación de vía pública ante o Concello "se fose o caso" para a realización dos traballos relativos a colocación contedores, vallados, guindastres, andamios, etc.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

#### **Ademais:**

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, andamios, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas polo Outorgamento de licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE inicialmente cos custos reais de execución, ascende a un Oem de 21.042,00 €. Detalle das liquidacións xa realizadas:

- Outorgamento de licenza urbanística: ( Oem x 0,20 % ) = 21.042,00€ x 0,20 % = 42,08 €.
- ICIO: ( Oem x 4,00 % ) = 21.042,00€ x 4,00 % = 841,68€.

**TERCEIRO.-**Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outorgase cos seguintes extremos:

- a. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **A parcela está clasificada como Solo Urbano. Concretamente, o mesmo plano de ordenación**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**detañada do PXOM revela que esta área de Solo Urbano está regulada pola ordenanza SU-3a (edificación agruada)**

- b. Finalidade da actuación e uso ó que se destinará **Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas**
- c. Altura, ocupación e edificabilidade de parcela permitidos:

Altura: **A existente**  
Ocupación: **A existente**  
Edificabilidade: **A existente**

- a) Orzamento de execución material **21.042,00€**
- b) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito **R/ Aduana 18. Ponteceso. CP: 15110. Referencia Catastral: 8381721NH0888S0001MQ**
- c) Nome ou razón social da persoa promotora: **Manuel Dominguez Loureiro.DNI/NIF/CIF: \*\*\*0446\*\***
- d) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde: **José Antonio Canedo Zapata, colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)**
- e) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:
  - **Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.**
  - **Prazo para a terminación da obra: .....36 meses.**

**CUARTO.-** Notificar ao interesado, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes acordan por unanimidade:

**PRIMEIRO.** Concederlle licenza de obras a Manuel Dominguez Loureiro co DNI/NIF/CIF: \*\*\*0446\*\* para “Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas”, na referencia catastral: 8381721NH0888S0001MQ segundo a memoria técnica de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas do Arquitecto, D. José Antonio Canedo Zapata, colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

**SEGUNDO.-** Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

- a) Particulares, segundo o informe técnico:
  - A propiedade ha de aterse o indicado no artigo 3.2.13.- Condicións de Integración e de adaptación ao ambiente en Solo Urbano do PXOM.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

- A propiedade ha de aterse o indicado no ARTIGO 7.1.7.- CONDICIÓN MÍNIMAS DE URBANIZACIÓN, CESIÓNS. Autorízase a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. Os servizos urbanísticos correspondentes ás conexións de Saneamento, Enerxía Eléctrica, Rede de auga potable e pavimento asfaltado serán por conta da propiedade. As novas liñas de electricidade e telecomunicacións deberán ser soterradas. Art. 7.1.5 do PXOM. Actuacións incompatibles. Están prohibidos os novos tendidos aéreos.
- As novas liñas de electricidade e telecomunicacións deberán ser soterradas. Art. 7.1.5 do PXOM. Actuacións incompatibles. Están prohibidos os novos tendidos aéreos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O Promotor/Construtor terá que solicitar autorización de ocupación de vía pública ante o Concello “se fose o caso” para a realización dos traballos relativos a colocación contedores, valados, guindastres, estadas, etc.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).
- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, estadas, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

- Por último, comunicase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

**TERCEIRO.-** Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outórgase cos seguintes extremos:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **A parcela está clasificada como Solo Urbano. Concretamente, o mesmo plano de ordenación detallada do PXOM revela que esta área de Solo Urbano está regulada pola ordenanza SU-3a (edificación agruada)**
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará **Substitución de cuberta de vivenda unifamiliar sen incremento de aproveitamento e colocación de SATE en fachadas**
- Altura, ocupación e edificabilidade de parcela permitidos:
  - Altura: **A existente**
  - Ocupación: **A existente**
  - Edificabilidade: **A existente**
- Orzamento de execución material **21.042,00€**
- Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito **R/ Aduana 18. Ponteceso. CP: 15110. Referencia Catastral: 8381721NH0888S0001MQ**
- Nome ou razón social da persoa promotora: **Manuel Dominguez Loureiro.DNI/NIF/CIF: \*\*\*0446\*\***
- Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde: **José Antonio Canedo Zapata, colexiado nº 1077 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)**
- Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:
- Prazo para o inicio da obra:.....6 meses.  
Prazo para a terminación da obra: .....36 meses

**3 Dación de conta da dilixencia de Secretaría de erro material no resolvo terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.10.2024, de proposta de adxudicación da obra "Mellora do acceso a Limiñoa dende a DP-6805 e outros (POS+ 2024)**

O presidente dá conta da dilixencia que emitiu a secretaria, de erro material no resolvo terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.10.2024, de proposta de adxudicación da obra "Mellora do acceso a Limiñoa dende a DP-6805 e outros (POS+ 2024), que di:

**"DILIXENCIA DE SECRETARÍA**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Obxecto do expediente: ERRO MATERIAL EN PROPOSTA DE XGL

Mediante a presente dilixencia se deixa constancia da existencia dun erro material no acordó adoptado na XGL extraordinaria do 28.10.2024, dado que o acordó do punto nº1 da orde do día referente a Expediente 2024/C003/00004. Proposta de adxudicación do contrato da obra “Mellora do acceso a Limiñoa dende DP-6805 e outros (Pos+2024)” no punto terceiro da parte resolutiva onde di :

“Dispoñer un gasto por importe de 170.964,65 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2024.1532.24J1.61900.”

Debe dicir “**Dispoñer un gasto por importe de 151.867,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2024.1532.24J1.61900**”, que se corresponde co importe de adxudicación do contrato.

A Secretaria xeral/ Antía Pena Dorado”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes quedaron informados.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:10 h e eu redacto esta acta como secretaria.

\*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.